

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa de apoio na reinserción social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais

Entidade executante

Asociación exalcohólicos de Ferrolterra (www.exalcoholicosferrol.es)

Ámbito territorial

Comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal

Persoas destinatarias

Persoas usuarias da U.T.A da comarca de Ferrolterra, a tratamento a causa da súa problemática co alcol, xogo patolóxico ou outra adicción comportamental, e que se atopen en situación de desemprego ou que desexen mellorar a súa situación laboral.

Obxectivos

Obxectivo xeral:

Favorecer a reinserción laboral das persoas con condutas adictivas de cara a facilitar a súa autonomía e integración na sociedade.

Obxectivos específicos:

- Informar sobre recursos formativos e de emprego.
- Orientar na busca activa de emprego.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais que favorezan a súa interacción social no ámbito laboral.
- Acompañar no desenvolvemento de competencias laborais que faciliten a busca de emprego.

Metodoloxía

Baseada na intervención individual, familiar e grupal do equipo técnico, e que pretende reforzar e aportar un acompañamento máis especializado e individualizado no ámbito laboral.